



Concello de Outes

Expediente núm.: 64/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe.

Procedemento: Procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias do PAI do Concello de Outes para o curso 2021/2022.

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO AS SOLICITUDES DE
RENOVACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO PUNTO DE ATENCIÓN Á
INFANCIA DO CONCELLO DE OUTES PARA O CURSO 2021/2022**

ANTECEDENTES

1. O Concello de Outes ten un Punto de Atención á Infancia (PAI) con permiso de inicio de actividades con data do 18/12/2007.
2. O Pleno do Concello de Outes aprobou o Regulamento de réxime interior e a Ordenanza reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia na sesión desenvolvida o 28 de novembro de 2019.
3. O concello de Outes publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 46, de data 9 de marzo de 2020 a aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior e a Ordenanza reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia.
4. Dito Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes recolle no artigo 8 o procedemento para a tramitación de solicitudes no período ordinario
5. O concello de Outes publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 42, de data 4 de marzo de 2021 o procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias do PAI do Concello de Outes para o curso 2021/2022.

De acordo con todo o indicado

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar, para este asunto concreto, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución 2019-0171, do 28 de xuño, motivado pola urxencia e o interese económico e social, consonte co artigo 10.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A urxencia ven motivada pola necesidade dos interesados para o coñecemento das prazas de novo ingreso e por cuestións de cumprimento de prazos administrativos.



Cod. Validación: 6WJKYPC3DKA79S3Y95READK3L | Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



SEGUNDO. Aprobar e publicar a lista definitiva de admitidos/as logo de rematado o prazo para solicitudes de renovación no Punto de Atención á Infancia de Outes para o curso 2021/2022, segundo as solicitudes presentadas no prazo establecido:

SOLICITUDE	XORNADA	HORARIO	SERVIZOS	ESTADO
2021ERC1057	Media xornada	Luns a venres:10:00h -14:00h	Comida Merenda	Admitida
2021ERC1063	Xornada completa Horario partido	Luns a xoves:10:00h -12:45h e de 16:00-19:00h Venres: 10:00h a 12:45h	Merenda	Admitida
2021ERC1075	Media xornada	Luns a venres 9:00h-12:45h	Merenda	Admitida
2021ERC1080	Media xornada	Luns a venres:16:00h- 19:00h	Merenda	Admitida
2021ERC1111	Xornada completa Horario continuo	Luns de 9:45h-12:45h. Martes a venres:12:45h-19:00h	Comida Merenda	Admitida
2021ERC1108	Media xornada	Luns a venres: 9:30-12:45h	Merenda	Admitida
2021ERC1107	Media xornada Horario por quendas	De luns a venres. Mañá: 8:00h-12:00h Tarde: 14:00h-18:00h	Almorzo Merenda	Admitida
2021ERC1128	Xornada completa Horario partido	Luns: 9:45h-12:45h e de 16:00h-19:00h. Martes a venres: 9:45h-12:45h.	Merenda	Admitida
2021ERE225	Xornada completa Horario continuo	Luns a venres: 10:00h-16:00h	Comida Merenda	Admitida

TERCEIRO. Comunicar esta resolución aos interesados para que procedan á formalización da matrícula no prazo e lugar indicado no procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias do PAI do Concello de Outes





Concello de Outes

para o curso 2021/2022 publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 42, de data 4 de marzo de 2021 .

CUARTO. Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Outes, na data que figura á marxe

Ante min,

O alcalde,

A secretaria

D. Manuel González López

D^a. Minia Astray Barca

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 6WJKYPC3DKA79S3Y95READK3L | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3